BASES DA CAMPAÑA

1º Para considerarse válidos e participar no sorteo e así reclamar o premio, deberanse realizar 4 compras en establecementos COMERCIAIS e 6 consumicións ou gastos en HOSTALERÍA OU SERVIZOS, todos eles negocios asociados a ACISA Ribadeo.

2º Os pasaportes deberán estar debidamente selados con 10 selos diferentes, 4 de comercio e 6 de hostalería ou servizos, e NINGÚN DELES PODERÁ ESTAR REPETIDO.

3º Ningún establecemento poderá selar máis dunha vez nun mesmo pasaporte.

4º Os pasaportes poderanse atopar nos establecementos asociados a ACISA Ribadeo do 8 de maio ao 14 de xuño ata fin de existencias.

O SORTEO:

5º O día 14 de xuño ás 14:00 horas realizarase ante notario o sorteo PRESENCIAL na Rúa San Francisco de Ribadeo. Haberá animación musical.

6º A urna estará aberta de 11:00 a 14:00 horas.

7º NON SE ACEPTARÁN pasaportes que non cumpran cos requisitos destas bases.

8º Unha vez extraído o pasaporte premiado e lido o nome en voz alta, o gañador terá 3 minutos para persoarse ante a organización a reclamar o premio, mostrando o seu DNI para comprobar que coincida co que figura no pasaporte.

9ª O sorteo realizarase ante notario, que velará polo cumplimento das bases da campaña, e que poden consultar íntegras na web e redes de ACISA.

10ª Unha mesma persoa poderá presentar máis dun pasaporte para participar.

O PREMIO:

11º Unha viaxe para dúas persoas a Lanzarote do 19 ao 23 de setembro de 2026. (estancia de catro noites no Hotel Beatriz Playa de catro estrelas en réxime de todo incluído) O premio inclúe voos, asentos asignados, maletas de man e mochila.

O PASAPORTE

POLAS TÚAS COMPRAS E CONSUMICIÓNS DO 8 DE MAIO AO 14 DE XUÑO PARTICIPA NO SORTEO DE

UNHA VIAXE A LANZAROTE!!

E NA RULETA CON MÁIS DE 1.000 AGASALLOS DE ACISA RIBADEO.
SORTEO PRESENCIAL O 14 DE XUÑO ÁS 14:00 HORAS NA RÚA SAN FRANCISCO.

PIDE O TEU PASAPORTE DE ACISA RIBADEO E PARTICIPA.

UNHA ACTIVIDADE DE ACISA RIBADEO

COMERCIO INTERIOR PREMIO NACIONAL

COLABORA RIBADEO

PATROCINA GRUPO BREOGÁN

NOME: _____

APELIDOS: _____

D.N.I.: _____

RULETA DA SORTE

Por cada pasaporte debidamente introducido na urna a persoa titular poderá xogar á ruleta da sorte de ACISA Ribadeo.

Esta ruleta estará dispoñible de 11:00 a 14:00 horas o mesmo día 14 de xuño no mesmo lugar onde estea a urna do sorteo.

Cada pasaporte dará dereito a unha única tirada na ruleta ata as 14:00 horas ou ata fin de existencias.

No caso dunha persoa que se achegue á ruleta con varios pasaportes cubertos, terá dereito a tantas tiradas como pasaportes achegue, pero PARA CADA TIRADA DEBERÁ FACER COLA DE NOVO.

Ás 14:00 horas pecharase a ruleta, e no caso de que haxa xente na cola para depositar os pasaportes na urna e co fin de garantir a participación de todas as persoas no sorteo da viaxe, darase un tempo prudencial de 10 minutos para que todo o mundo deposite os seus pasaportes na urna sen a posibilidade xa de xogar á ruleta.

No caso de irse esgotando os premios, a organización decidirá como substituílos, por outros produtos dos que queden máis unidades.

En caso de esgotarse todos os produtos antes da hora de remate fixada a organización pechará a ruleta e non se poderán reclamar máis tiradas na mesma.

SELO ESTABLECEMENTO COMERCIO	SELO ESTABLECEMENTO COMERCIO
SELO ESTABLECEMENTO COMERCIO	SELO ESTABLECEMENTO COMERCIO
SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS	SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS
SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS	SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS
SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS	SELO ESTABLECEMENTO HOSTALARIA SERVIZOS